



# asociación pola defensa da ría

## **Manifesto final da Marcha contra Celulosas 2017**

Un ano mais, grazas por estar aquí hoxe, grazas pola vosa forza e polo voso apoio nesta longa loita que, xuntas, mantemos para lograr un futuro mellor, mais limpo e saudábel. Un futuro que non é so para nós, que é, sobre todo, para os nosos fillos e fillas, sobriñas, netos,... para todos eses nenos e nenas que, xogando dende lugares como o parque de Lourizán, ven as maquilladas chemineas e os seus fumes coma se fose algo normal, natural ou mesmo bonito,... Triste realidade é esta, mais que ao tempo invístenos da forza necesaria para non recuar nunca,... porque sabemos que é o noso deber seguir mobilizándonos contra este contaminante complexo que nos roubou un paraíso e que nos rouba o futuro día a día; que temos que seguir denunciando por todas as vías das que dispomos para que as nosas voces sexan escoitadas e logremos librarnos deste cancro; que destrúe os postos de traballo baseados nunha economía compatible co mantemento dos recursos e do medio a longo prazo; que condena á Ría a estar infesta de materia orgánica, coliformes e mercurio; que mata o peixe e o marisco, que fai que o ar aspirado sexa aínda mais poluente e prexudicial e que converte os montes da Galiza en ardentes pastos do voraz lume e en campos de cultivo para a barbarie capitalista.

Alumea con intensidade este facho de orgullo e coraxe que nos guía en tempos que semellan escuros, e digo semellan, pois ábrese hoxe unha porta á esperanza! De acordo coa lexislación europea, ELNOSA ten que abandonar Lourizán este ano, porque non cabe prórroga ningunha ao uso do mercurio máis alá do 11 de decembro. E os responsábeis da empresa sábeno, por iso non cesan na chantaxe social coa desculpa da defensa duns postos de traballo que só benefician a uns poucos, en detrimento do ben da maioría das persoas e da saúde. Sábeo tamén o Partido Popular, un partido caracterizado pola corrupción e pola servidume ás empresas ilegais e contaminantes; que non dubida en saltarse as Leis ou reformulalas á súa vontade e sempre a cambio de pagos, en contado ou en especie. Mais nós non imos permitir que mais unha vez, a xustiza sexa unha mera marioneta do poder económico. Coa forza da nosa mellor ferramenta para triunfar, a presión social, esixiremos que se faga cumprir a lei, que Elnosa sexa desmantelada e que á prórroga a Ence sexa revogada sen mais demora para, por fin, recuperar estes terreos de dominio público, recuperar a ría con toda a súa riqueza e desfrutar das augas de Praceres cos arroaces brincando ao noso carón.

Porque queremos ver os montes galegos cheos de carballos e castiñeiros; porque queremos acadar ese desexado futuro que nos dea o traballo e a espectacular riqueza que só a natureza sabe e pode darnos se somos quen de respectala.

É por iso, que ano tras ano, seguimos vindo aquí, logo de 30 anos de implacable loita, nos que ningún golpe nos impediu nin impedirá voltar a erguermos mais fortes... Porque esta vontade nosa, cada vez mais forte, de facer cumprir o que sabemos correcto, nin por un instante será quebrada,... porque é a forza de cada unha e cada un de vos a que empuxa ao noso barquiño cara a bo porto; compartimos xuntas este fermoso soño que mais cedo que tarde será realidade, por iso pídovos mais unha vez que unamos as nosas voces ben alto e ben forte con orgullo e dignidade, para berrar ENCE-ELNOSA FECHE XÁ!